

## TRANSFORMACIÓN RECENTES NA ESTRUTURA AGROPECUARIA ESPAÑOLA:

- As explotacións agrarias
- Técnicas e sistemas agrarios
- Política Agrícola Común



O **espazo rural** é o territorio non urbanizado da superficie terrestre no que se desenvolven as actividades agrícolas, gandeiras e forestais do ser humano. Non obstante, desde a década de 1970, introducíronse novas actividades (residenciais, recreativas, industriais, de servizos...), polo que o espazo rural volveuse máis heteroxéneo e complexo.

O **sector primario experimentou un progresivo descenso ao longo do s. XX** e na actualidade é escaso, pasou de ocupar en 1900 a máis do 66% da pob. activa a ser do 39% en 1960 e descender ata o 4,1% no ano 2015, moi por debaixo do secundario (19,9% dos ocupados) e, sobre todo, do terciario (76%). Ademais, encóntrase moi envellecida e masculinizada, sobre todo no interior peninsular. Non obstante, a media nacional “esconde” diferenzas territoriais: Madrid, Baleares ou P.Vasco teñen cifras cercanas ao 1%, mentres que outras teñen cifras > de 6%, como é o caso de Extremadura, Murcia, as dúas Castelas, Galicia, A Ríoxa ou Andalucía.

### ► As explotacións agrarias

A **propiedade agraria** é o conxunto de parcelas pertencentes a un propietario. En cambio, **a explotación agraria** é unha unidade económica que agrupa, xunto coas instalacións complementarias, a todas as parcelas traballadas por un mesmo produtor ou empresario agrario, independentemente de se están separadas entre si ou non, e de son da súa propiedade ou non.

En España **contabilízanse hoxe** un millón de explotacións agrarias, cifra moi **inferior** a décadas anteriores debido ao abandono de terras polos que se xubiláron, emigráron ou cambiáron de actividade (o que favoreceu a venda ou o arrendamento de propiedades), e tamén como resultado dun proceso de *concentración parcelaria* de parte desas terras; ademais, desde a década dos 90 a Política Agraria da UE, fomentou as prexubilacións e o abandono voluntario das explotacións menos rendibles.

A *concentración parcelaria* permitiu a **elevación do tamaño medio** das explotacións aínda que existen fortes contrastes. O resultado é unha dualidade cada vez maior entre unhas explotacións familiares moi pequenas e pouco rendibles, en progresivo abandono ou traballadas só a tempo parcial cunha baixa produtividade e unhas empresas agrarias, de particulares, sociedades ou cooperativas, que teñen maior dimensión, estanse modernizando e son rendibles.

Tamén existen importantes **diferenzas rexionais en canto ao tamaño medio das explotacións** agrarias: as rexións dominadas por cultivos de secano ou as devesas occidentais presentan explotacións de maior tamaño medio e as rexións húmidas e de especialización gandeira do norte peninsular, xunto aos regadíos do litoral mediterráneo, contan con explotacións máis pequenas.

No referente ao **réxime de posesión ou tenza** pode distinguirse entre *tenza directa*, *arrendamento* e *parcería*. Na actualidade, preto do 70% das terras cultivadas mantéñense en tenza directa e tende a desaparecer o sistema de parcería. Un medio para conseguir explotacións agrarias rendibles de dimensión suficiente foi a creación de cooperativas (arredor de 4.000, que supoñen preto do 45% da produción). Predominan as dedicadas a transformar os produtos e comercializalos.



### ► Técnicas e sistemas agrarios

A **agricultura e gandería tradicionais** baseábanse no policultivo, utilizaba técnicas atrasadas e sistemas de produción extensivos, que ocasionaban uns rendementos escasos, orientados ao autoconsumo ou á venda de reducidos excedentes no mercado nacional.

As técnicas e os sistemas agrarios experimentaron **cambios** na década de 1960, dando lugar a explotacións **productivistas** que buscan a especialización, a tecnificación e a intensificación para lograr unha produción abundante, orientada á venda no mercado. **As transformacións técnicas** consistiron na incorporación de avances como a mecanización das tarefas, a selección xenética das sementes e razas gandeiras, ou o uso de fertilizantes químicos e produtos fitosanitarios. Non obstante, recentemente están a crecer as explotacións **posproductivistas**: a *agricultura e gandería ecolóxicas*, que fan uso de técnicas máis naturais e respectuosas co medio ambiente e o benestar animal para obter unha produción de calidade.




A agricultura española coñeceu un intenso proceso de modernización, o que permitiu elevar a súa eficiencia. **As transformacións nos sistemas agrarios** supuxeron unha crecente intensificación da produción e un paralelo aumento dos rendementos, aínda que a nova PAC impulsa a extensificación como forma de mellorar o coidado do solo e o benestar animal. **As transformacións máis importantes son:**

- **Unha crecente especialización** do territorio nos **cultivos** ou nas **razas gandeiras** (carne, leite...) para as que teñen mellores condicións competitivas, abandonando o resto.

- **Maior investimento de capital** para incorporar **maquinaria** (tractores, colleitadoras, motores para rega, muxidoras mecánicas, etc...), **produtos químicos** (fertilizantes, herbicidas, praguicidas, etc.) ou **razas e sementes seleccionadas** e transxénicas. Este tipo de investimentos reduce a necesidade de traballadores e aumenta os rendementos, aínda que tamén pode ter consecuencias negativas (contaminación, riscos para a saúde...).

- **Forte incremento da superficie en regadío**, que permite aumentar a produción pero tamén provoca a sobreexplotación de certos acuíferos e crecentes conflitos pola auga.

- **Incorporación de novas técnicas de cultivo**, como o enarenado ou cultivo baixo plástico. No enarenado alternanse capas de area e esterco, permitindo cultivar terras moi pouco fértiles; sobre todo, no sureste peninsular. O cultivo baixo plástico asóciase ao uso de técnicas avanzadas como o cultivo hidropónico, sen solo, a rega por goteo, ou a creación de microclimas controlados a distancia con medios informáticos.



- **Progresivo aumento da gandería intensiva ou industrial**, que está desvinculada do medio físico, ao atoparse estabulada en granxas e alimentarse total ou parcialmente de pensos. Emprega técnicas modernas, razas estranxeiras seleccionadas... Na actualidade está a crecer a **gandería ecolóxica ou posprodutivista**, que pretende incrementar o benestar animal e fomentar o desenvolvemento rural, así como reducir os excedentes gandeiros. É unha gandería extensiva e, ao igual que a tradicional, fai uso de razas autóctonas, non emprega a estabulación permanente nin estimuladores de crecemento, senón que se alimenta con pastos naturais ou con forraxes ecolóxicos.



## ► A Política Agrícola Común (PAC)

As áreas rurais españolas cunha importante presenza de actividades agrarias enfróntanse desde hai décadas a importantes **problemas**: escasa competitividade dunha parte dos produtos (que só poden ser rendibles grazas ás políticas de subvencións e ao establecemento de prezos protexidos), progresivo despoboamento e avellentamento das áreas rurais, redución dos empregos agrarios; ingresos medios inferiores aos outros sectores de actividade e crecentes impactos ambientais. Desde a entrada na Unión Europea no ano 1986, a maioría das accións encamiñadas á promoción do sector agrario español proveñen da **Política Agrícola Común (PAC)**, que trata de asegurar a viabilidade do sector, e así evitar o despoboamento do campo, elevando as rendas dos agricultores e gandeiros.

**Os obxectivos iniciais da PAC**, creada no ano 1962 para regular as cuestións agrarias da *Comunidade Económica Europea*, eran aumentar a produción agraria (concedendo axudas para modernizar as explotacións), garantir un nivel de vida xusto aos agricultores (fixaba uns prezos mínimos de venda dos produtos agrícolas e intentaba evitar a competencia dos produtos agrícolas estranxeiros) e asegurar o abastecemento aos consumidores a prezos razoables. **Os resultados** da primeira aplicación da PAC foron unha enorme elevación dos prezos agrarios comunitarios, a acumulación de grandes cantidades de excedentes dalgúns produtos (cereais, viño, leite, manteiga, carne de vacún...), vendidos con grandes perdas no mercado internacional e un aumento do deterioro ambiental pola intensificación da produción.

Esta situación obrigou a realizar diversas **reformas da PAC**. O seu **obxectivo** xa non é aumentar a produción, senón lograr o **desenvolvemento rural e a protección ambiental** para crear unha agricultura ecolóxica e economicamente sostible. Os mecanismos para logralo foron:

- Almacenamento ou destrución dos excedentes para evitar o afundimento dos prezos. A exportación dos excedentes e diminución dos prezos mínimos para facelos máis competitivos no mercado internacional, concedéndolles subvencións aos agricultores para compensar a diferenza cos prezos mundiais.

- A reducción de excedentes mediante xubilacións anticipadas, imposición de cotas aos produtos excedentarios (cereais, lácteos...), a extensificación da produción volvendo ao barbeito, a reorientación cara a novos produtos...
- A detención da degradación do medio incentivando a agricultura e a gandería ecolóxicas, a reforestación...
- Axudas para a modernización das explotacións.
- Apoio á diversificación económica do mundo rural (turismo rural, artesanía e industria, infraestruturas...) para frear o despoboamento e conservar o patrimonio natural e sociocultural.

Pese a ser a clave que permite manter hoxe activas boa parte das explotacións agrarias, a PAC enfróntase a certas **críticas** debido a que absorbe parte importante do orzamento total comunitario, o que non se corresponde co peso relativo deste sector e a que supón un proteccionismo do seu mercado interior que frea a posibilidade de que países do Terceiro Mundo exporten ao mercado comunitario os seus produtos, moitas veces máis baratos.

